


TERMINOLOXÍA BÁSICA PARA FALAR DO DANO CEREBRAL



O DANO CEREBRAL

CORRECTO	INCORRECTO
dano cerebral adquirido / dano cerebral	dano cerebral sobrevido
DCA	DCS
discapacidade	Enfermidade, doenza
dependencia	incapacidade
ictus	accidente cerebrovascular / ACV / aneurisma...
traumatismo (cranioencefálico)	
modificación da capacidade de obrar	incapacitación
secuelas / características do dano cerebral	minusvalías
ter / presentar unha discapacidade	sufrir / padecer unha discapacidade
exclusión social	marxinación
inclusión social	inserción, normalización
contexto / ámbito comunitario	contexto normalizado
investimento social	gasto social
solidaria/o	benéfica/o
dereito	beneficio

AS PERSOAS

CORRECTO	INCORRECTO
persoa con dano cerebral adquirido / dano cerebral / DCA ¹	discapacitado
persoa usuaria [dentro do contexto asociativo]	paciente
persoa socia [dentro do contexto asociativo]	
persoa beneficiaria [dentro do contexto dun proxecto ou programa]	
persoa usuaria dun centro de día / residencia	persoa internada, ingresada, reclusa
persoa empobrecida / en situación de pobreza	pobre

¹ Outros sinónimos de utilidade para evitar repeticións: “as persoas con esta/coa mencionada discapacidade”, “as persoas en situación de dependencia por causa dun ictus/dun traumatismo/das devanditas causas”, “a poboación galega con dano cerebral”, “quen ten esta discapacidade”, etc.

persoa en situación de dependencia	dependente
persoa con discapacidade	discapacitado, minusválido, impedido
persoa maior	vello, ancián
persoa sen discapacidade	persoa normal
persoa con discapacidade física	minusválido, paralítico
persoa con discapacidade intelectual	retrasado
persoa usuaria de cadeira de rodas	persoa postrada en cadeira de rodas
persoa xorda	xordos, xordomudos
persoa cega / con discapacidade visual	invidente
persoa con enfermidade mental	tolo, demente, trastornado

LINGUAXE NON SEXISTA

CORRECTO	INCORRECTO
<p>TERMOS NEUTROS</p> <p>as persoas usuarias do centro as familias de persoas con DCA as persoas coidadoras a cidadanía do país o voluntariado das asociacións o persoal técnico das entidades o cadro de persoal todo o mundo sabe que... o estudantado as familias</p>	<p>os usuarios do centro os familiares de persoas con DCA os coidadores os cidadáns do país os voluntarios das asociacións os técnicos das entidades os traballadores todos saben que... os estudantes os familiares</p>
<p>REPETICIÓNS FEMININO – MASCULINO</p> <p>as usuarias e os usuarios do centro as compañeiras e os compañeiros as e os representantes do sector</p>	<p>os usuarios do centro @s compañeir@s / xs compañeirxs os representantes do sector</p>
<p>SÓ EN FEMININO</p> <p>*se falamos do persoal das asociacións, moitas veces referímonos a colectivos compostos só por mulleres</p>	